

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 13 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando, e se convocan para o ano 2011.

Ao abeiro do disposto no artigo 148^o.1.11 da Constitución española, en virtude do que se establece no artigo 27^o.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, en relación co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, din que lle competen á dita consellería a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos.

A presenza do lobo en espazos rurais moi humanizados é, con frecuencia, causa de conflito cos gandeiros. Por iso, a Consellería do Medio Rural estableceu unha liña de axudas a favor dos gandeiros afectados por esta actividade depredadora dos lobos, na cal se inclúen diversas accións de protección dos rabaños para evitar os danos que causan estes cánidos sobre o gando do noso país. Son medidas tradicionais unhas e máis innovadoras outras, que pretenden afastar do gando doméstico, que pasa en réxime de liberdade ou de semiliberdade, os lobos que puidesen depredalo.

O réxime xeral das axudas e subvencións nesta Administración pública establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

Na súa virtude, conforme co que se dispón no artigo 27^o.15 do Estatuto de autonomía e no uso das atribucións que me confire o artigo 34^o da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1^o.-Obxecto e principios.

1. Esta orde ten por obxecto establecer unha liña de axudas para fomentar a aplicación de medidas de protección do gando saneado en explotacións extensivas ou semiextensivas, para o cal se incentivará a adquisición de elementos preventivos e disuasorios dos ataques do lobo ao gando saneado das especies vacúa, cabrúa e ovina.

2. Estas axudas tramitaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non-discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2^o.-Actuacións subvencionables.

1. Ao abeiro desta orde subvencionarase a adquisición de cans mastíns e pastores eléctricos ligados ao emprego de curros con malla electrificada e a instalación de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada, cuxa adquisición ou instalación se faga con posterioridade á publicación desta orde sempre que sexa certificada polos servizos provinciais de Conservación da Natureza a non existencia previa.

2. Non será obxecto de subvención nesta campaña o IVE, o transporte dos materiais nin man de obra para a instalación e o mantemento dos pastores eléctricos e todos aqueles que figuren no artigo 29^o da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

3. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 3^o.-Beneficiarios e requisitos comúns.

1. Poderanse acoller a estas axudas os gandeiros con explotacións na Comunidade Autónoma de Galicia das especies ovina, vacúa e cabrúa.

2. O gando deberá estar identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto.

3. Os beneficiarios destas axudas terán que acreditar a súa inclusión no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades nas cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10^o.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4^o.-Adquisición de cans mastíns.

1. Será subvencionable a adquisición de cans de raza mastín leonés dunha idade inferior aos 4 meses; o interesado deberá achegar a documentación relativa aos controis sanitarios realizados segundo a lexislación vixente e seguir as indicacións contidas no Manual práctico para o coidado e adestramento de cans mastíns para a protección do gando, publicado pola consellería en colaboración coa asociación *Ovica*.

2. Estas axudas poderán cubrir a totalidade do custo de adquisición dos cans mastíns. O número dos subvencionables por explotación estará en función da facenda gandeira, e poderá subvencionarse

un máximo dun mastín por rabaño de ata 30 reses de gando menor ou 10 reses de gando maior, e atados mastíns por explotación cando se supere este número de reses.

3. O importe das axudas non excederá os 250 € por mastín e poderán minorarse na contía que proceda, en función do número de solicitudes e da contía orzamentaria.

Artigo 5º.-*Pastores eléctricos.*

1. As axudas relativas á instalación dos pastores eléctricos poderán cubrir a totalidade do seu custo de adquisición. No momento da xustificación da axuda será necesario acreditar, mediante factura, a compra de tantas mallas electrificadas móbiles como pastores eléctricos sexan adquiridos.

2. A contía máxima da axuda por cada pastor será de 100 €, e poderán concederse varias axudas para a instalación de máis pastores nunha mesma explotación e formuladas nunha mesma solicitude, segundo o seguinte cadro:

Gando menor	Gando maior	Pastores
1 a 15	1 a 5	1
16 a 20	6 a 10	2
21 a 30	11 a 20	3
Máis de 30	Máis de 20	4

Tamén se poderá suplir a adquisición de varios pastores por un de maior potencia sempre que o importe final da axuda non se incremente.

Artigo 6º.-*Emprego de curros.*

As axudas concedidas poderán cubrir a totalidade do custo da adquisición de mallas electrificadas móbiles que se conectan a pastores eléctricos; a contía máxima da dita axuda será de 100 € por malla de 50 m, ata un máximo de 4 mallas por explotación, e terán que cumprir as mallas as especificacións que figuran no anexo II desta orde.

Artigo 7º.-*Valado con malla ovelleira e postes de madeira tratada.*

1. A Consellería do Medio Rural subvencionará a instalación de valados fixos con malla ovelleira e postes de madeira tratada e unha lonxitude máxima de 400 m, destinados a protexer o gando dos ataques do lobo. Subvencionarase un valado por cada rabaño de ata 30 reses de gando menor ou 10 reses de gando maior e un máximo de dous valados por explotación cando se supere o dito número de reses, cun importe máximo de 3,75 €/m e 1.500 € por valado.

2. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza certificarán que as instalacións cumpren as especificacións do anexo II desta orde.

Artigo 8º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes de subvención irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural e presentaranse no rexistro da consellería, nos dos departamentos territoriais ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir da data de entrada en vigor desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

a) Modelo de solicitude normalizado segundo o anexo I debidamente cuberto.

b) Documento selado polos servizos veterinarios oficiais, que especifique o censo da explotación á data especificada, e que sexa fiel reflexo da información que consta na base de datos da aplicación informática da Consellería do Medio Rural.

c) Fotocopia do CIF do propietario das reses, no suposto de persoas xurídicas.

d) Se o titular fose unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta polo que se aprobou a solicitude desta axuda.

e) Cando se actúe en nome doutra persoa, física ou xurídica, deberase acreditar a representación con que se actúa e ademais o acordo dos partícipes para solicitar a subvención. Cando se trate dunha comunidade de bens, acreditarase ademais que o acordo se tomou pola maioría dos seus membros e o réxime de participación de cada un deles na dita comunidade.

f) Declaración do conxunto das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas no modelo que se xunta como anexo VII a esta orde.

4. A presentación do NIF só será obrigatoria no caso de que o solicitante non autorice na solicitude a consulta dos datos de identidade a través do sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

5. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado, segundo o artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a autorización ao

órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás denegación expresa por parte do solicitante, que deberá presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente. Esta comprobación efectuarase tanto antes de ditar resolución de concesión como da tramitación do pagamento.

6. No caso de solicitar axudas por un importe subvencionable superior a 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, segundo o establecido no artigo 29º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-*Criterios para a concesión da axuda.*

1. Para a concesión das axudas establécense os seguintes criterios de valoración, por orde de preferencia:

a) Existencia de ataques de lobos e reincidencia de ataques (*): 10 puntos; e 1 punto máis por cada ataque reincidente.

b) Presenza e densidade de lobo no concello (**): zona 1: 12 puntos, zona 2: 4 puntos, zona 3: 1 punto.

c) Nº de cabezas de gando:

Gando maior, máis de 10 cabezas: 4 puntos.

Gando maior, máis de 20 cabezas: 10 puntos.

Gando maior, máis de 40 cabezas: 20 puntos.

Gando menor, máis de 30 cabezas: 4 puntos.

Gando menor, máis de 60 cabezas: 10 puntos.

Gando menor, máis de 100 cabezas: 20 puntos.

(*) A existencia de ataques de lobos toma como criterio espacial o do municipio en que se produciron os ataques e, como criterio temporal, o do último ano segundo establece o anexo III.

(**) A presenza e densidade de lobos na zona determinárase en función dos datos que figuran no mapa de zonificación do Plan de xestión do lobo.

2. O criterio de repartición será atendendo ás solicitudes ordenadas de maior a menor puntuación ata esgotar o crédito.

Artigo 10º.-*Tramitación.*

1. As solicitudes de axuda serán examinadas, xunto coa documentación anexa, nos servizos provinciais de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural. No caso de carencias ou defectos de forma, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou proporcione os documentos preceptivos. De non proceder á dita emenda no prazo indicado, darase por desistido da súa petición segundo o artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42º da dita lei.

2. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza remitirán os expedientes xunto coa certificación de non existencia ou adquisición previa á publicación desta orde, á Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, no prazo máximo de dous meses, contados a partir da data límite de presentación de solicitudes.

3. Os expedientes serán valorados por unha comisión de avaliación creada para tal fin. Esta comisión establecerá a puntuación mínima que deben acadar os solicitantes para obteren a condición final de beneficiarios, tendo en conta o límite orzamentario previsto. A comisión estará presidida polo titular da Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas ou persoa en quen delegue. Ademais, serán membros da citada comisión os titulares das xefaturas de servizo e área dos servizos centrais. Este último actuará como secretario.

4. Esta comisión de avaliación formulará o correspondente informe-proposta de concesión ou denegación das subvencións, que será elevada ao órgano competente para resolver.

Artigo 11º.-*Resolución e recursos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde corresponde ao conselleiro do Medio Rural. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras das axudas recollidas nesta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a entrada en vigor da orde.

3. A resolución ditada, segundo o que se dispón no punto 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous

meses, de acordo co que se dispón nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 46º da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 12º.-*Aceptación da axuda concedida.*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado polo beneficiario no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que o beneficiario non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 13º.-*Compatibilidade.*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para a mesma finalidade, sempre que a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos, conforme o establecido no artigo 17º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-*Publicidade da resolución.*

1. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza ordenará a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao cal se lle imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. De conformidade co punto 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

3. A solicitude para ser beneficiario de axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, os solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunhas das circunstancias previstas na alínea d) do número 2, do artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa exixencia de publicidade da axuda con-

cedida segundo o disposto no artigo 15º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. As actuacións obxecto de subvención deberán contar, no momento do seu comezo, coas licenzas e autorizacións preceptivas se estas fosen necesarias.

2. A aprobación da subvención implicará o compromiso dos solicitantes de executar as accións indicadas nas condicións propostas. A execución das actividades obxecto de axuda deberá realizarse na extensión e coas condicións técnicas recollidas na memoria e, en todo caso, axustaranse aos termos recollidos na resolución.

3. O gandeiro perceptor da axuda asume o compromiso do mantemento e debido uso dos sistemas de prevención de danos que sexan obxecto de subvención. No caso dos cans mastíns, o vendedor deberá achegar a documentación relativa aos controis sanitarios realizados segundo a lexislación vixente e o comprador seguir as indicacións contidas no manual práctico para o coidado e adestramento de cans mastíns para a protección do gando, publicado pola consellería en colaboración coa asociación Ovica. Para tal efecto, poderá solicitar asesoramento técnico á Consellería do Medio Rural.

4. A Consellería do Medio Rural poderá realizar as inspeccións que coide oportunas para comprobar o estado, manexo e eficiencia dos sistemas de prevención de danos subvencionados.

5. A finalidade ou función da actividade ou obra deberase manter durante un prazo mínimo de 5 anos, de conformidade co establecido no artigo 29º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. O prazo para realizar os investimentos obxecto da subvención rematará o 20 de setembro de 2011, sempre que na resolución aprobatoria non se dispoña outro prazo diferente. Excepcionalmente, o director xeral de Conservación da Natureza poderá conceder, por delegación do conselleiro e antes de que remate o período de execución, unha prórroga dentro dos límites establecidos no artigo 49º.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Os beneficiarios deberán conservar, polo menos durante 5 anos, os documentos acreditativos da aplicación dos fondos recibidos, segundo o artigo 11º.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-*Xustificación do gasto.*

1. Con carácter xeral, e salvo que a resolución de concesión da axuda dispoña o contrario, o prazo para xustificar o remate das actividades e o pagamento dos conceptos correspondentes a elas finalizará o día 30 de setembro de 2011. Porén, poderase conceder, por petición xustificada do interesado realizada antes da finalización do prazo establecido, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá da metade do prazo inicialmente previsto.

2. Para a xustificación do investimento obxecto de axuda, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento segundo o anexo IV.

b) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29º.3 da Lei de subvencións de Galicia. Esta memoria axustarase ao modelo do anexo V.

c) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, segundo o modelo do anexo VI.

d) Facturas orixinais ou copias compulsadas delas xunto cos extractos de contas ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario, de xeito que quede acreditada a efectiva realización dos pagamentos.

e) Unha declaración doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, de ser o caso, con indicación do importe e da súa procedencia, así como de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro consonte o establecido na orde da Consellería de Facenda do 4 de xaneiro de 2010, segundo o modelo do anexo VII.

f) Certificación bancaria de ter aberta unha conta a nome do beneficiario da axuda, con expresión do seu CIF e do número de conta, segundo o anexo VIII. Aqueles beneficiarios aos cales se lles aboara a subvención no exercicio pasado e non cambiasen desde entón a súa conta bancaria, non precisan presentar de novo esta certificación para percibiren a axuda desta orde.

g) No caso de adquisición de cans mastíns achegarase, ademais do especificado nas alíneas anteriores, o certificado expedido por un veterinario colexiado, en que se acredite a idade do can e a súa raza. Deberase xuntar, así mesmo, a documentación sobre os controis sanitarios.

3. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza comprobarán a documentación e engadirán as certificacións sobre o grao de execución das actividades subvencionadas e sobre a adecuación destas ao anexo II e á documentación que serviu de base para o outorgamento da axuda.

4. Vista a certificación final das actuacións coa documentación presentada e o informe do servizo provincial correspondente, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza fará, de ser o caso, proposta de pagamento da subvención concedida.

Artigo 18º.-*Modificación das actividades subvencionadas.*

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa de do director xeral de Conservación da Natureza, por delegación do conselleiro do Medio Rural, logo do informe favorable do servizo provincial correspondente. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince días hábiles de antelación ao da súa realización.

Artigo 19º.-*Pagamento.*

1. O pagamento corresponderase co importe da subvención aprobada. Excepcionalmente, por resolución do director xeral, poderá subvencionarse só unha parte dos gastos aprobados sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto, que a parte executada constitúa unha unidade operativa independente e sempre que se manteñan as condicións recollidas no anexo II. Neste caso, aplicarase a correspondente minoración.

2. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e teña pendente de pagamento algunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro, de acordo co disposto no artigo 31º.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Revogación.*

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co que se establece no artigo 36º da Lei 9/2007

citada, nos casos e termos previstos no artigo 33º da mesma lei.

2. Nos supostos anteriormente citados, e por proposta do director xeral de Conservación da Natureza, co informe previo do servizo provincial e logo de audiencia ao interesado, o secretario xeral, por delegación do conselleiro do Medio Rural, poderá revogar, total ou parcialmente, as axudas que foron concedidas no seu día e declarará a obriga de reintegrarlle á Xunta de Galicia as cantidades percibidas, co aboamento dos xuros de demora fixados pola lei.

Artigo 21º.-*Financiamento.*

As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería do Medio Rural con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.541B.770.1, código de proxecto (2011 00756) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, ata un importe de 28.000 euros para o exercicio orzamentario.

O dito importe inicial poderase incrementar con achegas adicionais despois da oportuna tramitación orzamentaria, axustándose ao disposto no artigo 31º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22º.-*Control das actividades subvencionadas.*

A Consellería do Medio Rural poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos da Consellería do Medio Rural poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde se realizasen as actividades, mesmo con carácter previo á concesión das axudas, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte co establecido no artigo 30º.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 23º.-*Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poida exixir o órgano xestor correspondente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, os beneficiarios están obrigados a se someter ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería do Medio Rural, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles solicite calquera órgano comunitario de inspec-

ción ou control, de acordo co que se establece no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24º.-*Disposicións xerais.*

O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposicións adicionais

Primeira.-Delegación de funcións.

Delégase no secretario xeral o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 11º.1, e demais competencias atribuídas nesta orde ao conselleiro; así mesmo, delégase a facultade de revogar e aplicar o procedemento sancionador. E na Dirección Xeral de Conservación da Natureza a autorización de calquera modificación nas actividades aprobadas, de acordo co disposto no artigo 13º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Anticipado de gasto.

Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Deste xeito a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2011, no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR809D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON/DONA		NIF	
ACTUANDO COMO	CIF	PROVINCIA	
ENDEREZO		CONCELLO	
LOCALIDADE	CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

IDENTIFICACIÓN DA ZONA DOS DANOS

COMARCA	PROVINCIA	CONCELLO

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

☐ CANS MASTÍNS	Nº EXEMPLARES SOLICITADOS:	
☐ PASTORES ELÉCTRICOS	Nº EXEMPLARES SOLICITADOS:	
☐ EMPREGO DE CURROS	Nº DE MALLAS DE 50 m SOLICITADAS:	
☐ VALADO CON MALLA OVELLEIRA E POSTE DE MADEIRA TRATADA	Nº METROS LINEAIS DE CADA VALADO	VALADO 1 VALADO 2
		VALADO 1 VALADO 2

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

☐ FOTOCOPIA DO CIF DO SOLICITANTE DESTINATARIO DA SUBVENCIÓN.
☐ COPIA DA FOLLA DE SANEAMENTO.
☐ ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE POLO QUE SE APROBOU A SOLICITUDE DE AXUDA.
☐ CANDO SE ACTÚE EN NOME DOUTRA PERSOA, FÍSICA OU XURÍDICA, ASÍ COMO DUNHA COMUNIDADE DE BENS, DEBERASE ACREDITAR A REPRESENTACIÓN CON QUE SE ACTÚA.
☐ DECLARACIÓN CONXUNTA DAS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

Quen asina abaixo DECLARA QUE dá expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. Así mesmo, expresa o seu consentimento respecto das autorizacións implícitas previstas no artigo 7º.4 e 5 e no artigo 14º desta orde.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

☐ SI ☐ NON

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 13 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando, e se convocan para o ano 2011.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Localidade e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Praza Luís Seoane, s/n 5º andar
15008 A Coruña

Rolda da Muralla, 70-1º andar
27002 Lugo

Rúa do Paseo, 18
32003 Ourense

Fernández Ladreda, 43
36071 Pontevedra

ANEXO II

-Emprego de curros:

A instalación de valados electrificados é outro dos métodos utilizados para evitar que os depredadores accedan ao gando.

Os animais que tocan os arames condutores do valado reciben unha pequena descarga eléctrica. Esta experiencia desagradable é aprendida e así conséguese que non intenten achegarse de novo ao valado.

Un valado electrificado instálase rodeando a parcela ou superficie en que se atopa o gando durante o día ou cercando os currais onde pasa a noite. Os valados electrificados desmontables permiten cambiar a súa situación en función das necesidades do gando.

Os valados electrificados teñen que ter as seguintes especificacións:

-Altura mínima 1 m.

-Lonxitude mínima 50 m.

-Postes mínimos 12 e 8 fíos horizontais.

Valado con malla ovelleira e postes de madeira tratada:

A altura total do cerramento desde o chan (ata a malla ou ata o último arame electrificado) ten que ser, en calquera caso, de 1,50 m mínimo; poderase realizar só de malla ovelleira ou combinando con arames electrificados.

Empregaranse postes de madeira tratada e o cerramento debe ser estable e consistente.

Requisitos mínimos:

A) Malla ovelleira.

Como mínimo de 1 m de altura, cun mínimo de 8 arames horizontais e 15 cm como máximo de separación entre os arames verticais.

B) Arames electrificados.

Un arame por fóra da malla, a unha altura de 30 cm do chan (utilizando *illadores longos* para separar o arame da malla).

Se non leva este arame electrificado, a malla deberá estar enterrada como mínimo 25 cm.

Un mínimo dun arame electrificado por riba da malla ovelleira, como máximo a 20 cm por riba da malla (con *illadores curtos*). Se hai máis dun arame electrificado por riba da malla ovelleira, estes non estarán separados máis de 20 cm entre si.

ANEXO III

Ataques do lobo sobre o gando producidos entre o 1 de outubro de 2009 e o 30 de setembro de 2010.

Concello	Ataques confirmados o último ano
Aranga	3
Baña, A	4
Boimorto	1
Boiro	5
Boqueixón	2
Carballo	3
Cerceda	2
Culleredo	1
Curtis	6
Dumbría	1
Fene	1
Frades	2
Irixoa	5
Laracha, A	5
Lousame	3
Mazaricos	13
Melide	1
Mesía	5
Monfero	2
Muros	1
Muxía	5
Negreira	9
Ordes	2
Ortigueira	1
Outes	2
Ponteceso	1
Ribeira	1
San Sadurniño	1
Santa Comba	7
Santiago de Compostela	6
Santiso	2
Sobrado	3
Toques	3
Tordoia	1
Touro	2
Trazo	2
Val do Dubra	3
Vimianzo	5
Zas	1
Abadín	10
Alfoz	2
Antas de Ulla	1
Becerreá	1
Bóveda	1
Carballedo	6
Castroverde	1
Cervantes	6
Chantada	19
Corgo, O	2
Cospeito	4
Friol	9
Guitiriz	5
Guntín de Pallares	3
Incio, O	4
Lourenzá	1
Lugo	1
Meira	2
Mondoñedo	6
Monterroso	2
Muras	20
Navia de Suarna	1
Negueira de Muñiz	5
Ouro	12

Concello	Ataques confirmados o último ano
Palas de Rei	2
Paradela	2
Páramo, O	3
Pastoriza, A	14
Pobra do Brollón, A	1
Pol	1
Portomarín	9
Riotorto	1
Sarria	2
Saviñao, O	6
Taboada	8
Valadouro, O	11
Vilalba	1
Viveiro	14
Xermade	9
Xove	4
Bande	2
Blancos, Os	1
Bolo, O	1
Castro Caldelas	1
Celanova	6
Chandrexa de Queixa	5
Gudiña, A	1
Lobeira	1
Maceda	8
Melón	2
Montederramo	6
Nogueira de Ramuín	3
Oímbra	1
Parada de Sil	1
Peroxa, A	1

Concello	Ataques confirmados o último ano
Piñor	1
Pobra de Trives, A	1
Quintela de Leirado	1
San Cibrao das Viñas	3
Trasmiras	1
Veiga, A	2
Viana do Bolo	7
Vilar de Barrio	1
Vilariño de Conso	3
Xunqueira de Espadanedo	1
Agolada	3
Arbo	1
Cañiza, A	3
Cerdedo	2
Cotobade	4
Covelo	11
Dozón	2
Estrada, A	22
Forcarei	6
Fornelos de Montes	8
Gondomar	1
Lalín	3
Lama, A	5
Meis	1
Mondariz	3
Ponte Caldelas	1
Ponteareas	1
Pontevedra	1
Rodeiro	8
Silleda	2
Vila de Cruces	1



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO
--	---

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON/DONA		NIF	
ACTUANDO COMO		CIF	PROVINCIA
ENDEREZO		CONCELLO	
LOCALIDADE	CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

Solicita

O pagamento do importe correspondente á axuda concedida, para o cal presenta a seguinte documentación xustificativa:

- ☐ Memoria xustificativa das actuacións segundo o modelo do anexo V da orde.
- ☐ Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade segundo o modelo do anexo VI da orde.
- ☐ Xustificantes do investimento: orixinal ou copia compulsada das facturas correspondentes aos investimentos subvencionados, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio e a data límite de xustificación.
- ☐ Xustificantes do pagamento: orixinal ou copia compulsada de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.
- ☐ Declaración do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, segundo o modelo do anexo VII da orde.
- ☐ Certificación expedida pola entidade bancaria na cal se sinala o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento (anexo VIII da orde).

Localidade e data

, de

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Praza Luís Seoane, s/n 5º andar
15008 A Coruña

Rolda da Muralla, 70-1º andar
27002 Lugo

Rúa do Paseo, 18
32003 Ourense

Fernández Ladreda, 43
36071 Pontevedra

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO</i>	DOCUMENTO <i>MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS ACTUACIÓNS</i>
---	---

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON/DONA		NIF	
ACTUANDO COMO	CIF	PROVINCIA	
ENDEREZO		CONCELLO	
LOCALIDADE	CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TÉLEFONO

RESUMO DAS ACTUACIÓNS APROBADAS E REALIZADAS

CONCEPTO SUBVENCIONADO	UNIDADES APROBADAS	CONTÍA DA SUBVENCIÓN APROBADA (€)	UNIDADES REALIZADAS E XUSTIFICADAS	IMPORTE DO INVESTIMENTO REALIZADO E XUSTIFICADO
CANS MASTÍNS				
PASTORES ELÉCTRICOS				
EMPREGO DE CURROS				
VALADO MALLA OVELLEIRA				
VALADO 1				
VALADO 2				
TOTAL				

Estas actuacións foron realizadas cumprindo as condicións impostas no anexo II da orde reguladora das axudas.

Localidade e data

de de

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PESSOA QUE O/A REPRESENTA

SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Fernández Ladreda, 43
36071 Pontevedra

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO</i>	DOCUMENTO <i>RELACIÓN DE GASTOS E INVESTIMENTOS</i>
--	--

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON/DONA		NIF	
ACTUANDO COMO	CIF	PROVINCIA	
ENDEREZO		CONCELLO	
LOCALIDADE	CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

RELACIÓN DE GASTOS E INVERSIONES

[illegible]

Localidade e data

, de de

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PESSOA QUE O/A REPRESENTA

SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Fernández Ladreda, 43
36071 Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VII

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO</i>	DOCUMENTO <i>DECLARACIÓN DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIÓNS</i>
--	---

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON/DONA				NIF	
ACTUANDO COMO		CIF		PROVINCIA	
ENDEREZO				CONCELLO	
LOCALIDADE		CORREO ELECTRÓNICO		CÓDIGO POSTAL	
				TELÉFONO	

DECLARO:

- ☐ Que non solicite e non se me concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- ☐ Que solicite e se me concederon (ou se está pendente de resolución de concesión) axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas como se indica a continuación:

DECLARACIÓN DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIONS

[illegible]

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicará PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar como DENEGADA.

DECLARO: non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro consonte o establecido na orde da Consellería de Facenda do 4 de xaneiro de 2010.

Localidade e data

de de

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PESSOA QUE O/A REPRESENTA

SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Praza Luís Seoane, s/n 5º andar
15008 A Coruña

Rolda da Muralla, 70-1º andar
27002 Lugo

Rúa do Paseo, 18
32003 Ourense

Fernández Ladreda, 43
36071 Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VIII

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO	DOCUMENTO CERTIFICACIÓN BANCARIA
--	--

EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		CIF/NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

CERTIFICO:

Que os datos reflectidos arriba son correctos e corresponden ao titular e número da conta.

Localidade e data

_____, de _____ de _____

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCIERA

SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Praza Luís Seoane, s/n 5º andar
15008 A Coruña

Rolda da Muralla, 70-1º andar
27002 Lugo

Rúa do Paseo, 18
32003 Ourense

Fernández Ladreda, 43
36071 Pontevedra

Orde do 13 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca fluvial para o fomento da riqueza piscícola, e se convocan para o ano 2011.

O artigo 27°.15 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre. Con base nesta competencia, promulgouse a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, que ten como obxecto a regulación da conservación, do fomento e do ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas.

De conformidade co disposto no Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fogga, en relación co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, compéttelle a esta consellería o desenvolvemento e a aplicación da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e do seu regulamento.

As entidades colaboradoras están definidas no artigo 6º da Lei de pesca fluvial, considerándose como

tales as que realicen actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do ambiente das citadas augas, sempre que teñan recoñecido tal carácter. O mesmo artigo 6º tamén establece que a condición de entidade colaboradora suporá o cumprimento das obrigas e o desfrute dos beneficios que para tal colaboración establece a Consellería do Medio Rural.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécense nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como, no ámbito regulamentario, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

En virtude do anterior e en uso das atribucións que me confire o artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

1. O obxecto desta orde é regular a concesión de axudas a entidades colaboradoras que realicen actividades e investimentos para o fomento da riqueza piscícola.